



Comunicación/mensaxes





Programa FEGAS de estímulo á produción científica

Documentos de traballo en xestión e administración sanitaria
Un espazo para o diálogo e a difusión á disposición da comunidade científica

A Escola Galega de Administración Sanitaria pon en marcha un programa de estímulo á produción científica co que se pretende favorecer a produción e difusión dos resultados da actividade investigadora en materias de xestión e administración sanitaria, así como fomentar a súa discusión na comunidade científica.

O dito programa consiste no establecemento dunha serie de **documentos de traballo** denominada “**Xestión e administración sanitaria**”, que leva parello un sistema de incentivos económicos vinculados á súa posterior publicación en revistas científicas de prestixio.

A serie ofrecerá un espazo público de confrontación e diálogo, ademais dunha oportunidade para a difusión rápida dos últimos avances desta área a través do portal web da escola.

A publicación de documentos de traballo adoita ser un método eficaz para fomentar a produción científica de calidade ao permitir unha rápida circulación dos estudos e obter retroalimentación nun ámbito máis amplo que o do propio grupo de traballo ou a institución a que se pertenza. Ademais, contribuír a incrementar a calidade dos estudos é un mecanismo facilitador para a súa posterior publicación en revistas científicas especializadas.



Características dos documentos

- Publicaranse traballos orixinais e inéditos que conteñan achegas de interese no ámbito da xestión e administración sanitaria.
- Consideraranse con particular interese resultados preliminares e todos aqueles traballos que pretenden fomentar o diálogo entre investigadores.
- Con respecto ao idioma, e para favorecer a discusión e posterior publicación en revistas científicas internacionais, publicaranse indistintamente en galego, castelán ou inglés.
- Os documentos de traballo publicaranse unicamente en formato electrónico e distribuiranse a través da escola na súa páxina web.
- Para garantir a calidade das contribucións publicadas, os estudos serán avaliados por un revisor externo de recoñecido prestixio que contraste o seu nivel técnico.



Incentivos á publicación

Os autores e autoras dos traballos publicados na serie “Xestión e administración sanitaria” recibirán unha compensación económica de 200 € por traballo, independentemente do número de autores. Ademais, no primeiro trimestre de cada ano os tres mellores traballos da serie posteriormente publicados en revistas científicas de prestixio durante o ano anterior recibirán un accésit de 1.500 euros.

Contamos coa vosa participación activa.

Bases dispoñibles en www.fegas.es

Envía os teus documentos a: publicacions.fegas@sergas.es

